

La Galice e Bretagne, a Bretaña e Galicia. Camiños de ida e volta, olladas cruzadas, un mar compartido.

Son moitos os fíos que se torcen nun só cabo. Tamén son moitos os que sustentan o vínculo entre Galicia e a Bretaña e, xa que logo, moitas as razóns que levaron o Consello da Cultura Galega a promover un espazo de interlocución e intercambio entre estes dous *finisterrae* continentais europeos, en colaboración inestimable coa Université Rennes 2.

As similitudes físicas e culturais entre a Bretaña e Galicia son tan evidentes que obrigan a preguntarse de onde nacen, quen foron os ancestros compartidos que observaron o mundo co mesmo mirar, honraron por igual os devanceiros en convivencia permanente con eles, soñaron os mesmos mitos, adoptaron similar xeito de interacción coa natureza e a contorna xeográfica. ¿Ou é que só se trata de paralelismos condicionados por esa condición de terras situadas no bordo do mundo, adentrándose no bravo Atlántico, expostas ao dominio de ventos e tempestades, coa prole, colleita e mantenza en risco permanente nos longos e crus invernos?

Dous países atlánticos en diálogo co mar, vivindo da navegación e a pesca, explotando o marisco e innovando en acuicultura, desenvolvendo unha potente industria conserveira...; e ao mesmo tempo en diálogo coa terra interior, gandeira e agrícola, cunha produción coñecida e recoñecida. Entre a terra e o mar, ambos base dunha rica cultura gastronómica que marca os dous países cun inestimable selo de calidade.

¿E que dicir da «materia da Bretaña»? O ciclo artúrico e a lenda do Santo Graal están presentes na nosa historia literaria e cultural desde a Idade Media, mais aínda ao longo do século XX foron visitados, en prosa e en verso, por algúns dos máis recoñecidos e valorados autores en lingua galega. A forza da lenda do Graal é tal que moitos quixeron velo no cáliz do emblema de Galicia desde tempos medievais; os científicos desmenten esta interpretación, pero non poden negar o feito de que a tradición popular galega sitúa a copa sagrada no santuario do Cebreiro.

Iniciamos este diálogo en 2017 co congreso *Galicia-Bretaña: un enfoque comparado de dous finisterrae europeos*, celebrado entre Santiago de Compostela e Mondoñedo, no que foron presentados como relatorios orais os avances dos textos agora recolleitos no presente volume; como vén sendo habitual desde longa data, no repositorio audiovisual do Consello da Cultura Galega están a disposición as gravacións correspondentes, xunto con intervencións e debates que non figuran impresos. Comprácenos poder dicir que xa se celebrou o segundo encontro, *Les paysages. Bretagne / Galice* (Rennes 2019), e que estoutro monllo de relatorios virá a lume proximamente. É o momento de volver agradecer o contributo de todas as persoas que os fixeron posibles, con todos os niveis e formas de intervención, e dobremente ás que garantiron a súa continuidade e agora o coidado deste volume.

Comezamos a andaina cando Galicia estaba inmersa nas conmemoracións do centenario das Irmandades da Fala (2016-2018) e este libro ve a luz cando estamos a iniciar as do centenario da revista *Nós*, órgano de expresión da xeración de intelectuais galegos do mesmo nome. É por iso ocasión de lembrar que o europeísmo que marcou o seu pensamento se moveu en dúas direccións, cara a Francia e Centroeuropa e polo arco atlántico que nos vincula, na vía do norte, cos países marítimos e, en especial, cos «celtas» e cunha historia ancestral supostamente compartida. Mais, sobre todo, lembramos que, como se sinala en varias ocasións neste mesmo volume, o coñecemento de diversos autores bretóns foi determinante na formación intelectual dos protagonistas do movemento, e que Castelao, impelido pola lectura dalgúns deles, viaxou á Bretaña para estudar a afinidade entre os *cruceiros* e os *calvaires*, na súa obra *As cruces de pedra na Bretaña* (1930), en correlato con ese monumento que chamou *As cruces de pedra na Galiza*.

Con estes alicerces, ao longo do século XX Galicia e a Bretaña foron estreitando lazos culturais arredor da literatura, da música, das embarcacións tradicionais, da gastronomía etc.: un camiño de coñecemento mutuo que cómpre estimular, porque canto máis sabemos e apreciamos do outro máis sabemos tamén de nós mesmos.

Rosario Álvarez

Presidenta do Consello da Cultura Galega